

**Prólogo á edición facsímile de *Espiñas, follas e froes*
(Ramiño primeiro), 1875 [de Valentín Lamas Carvajal]**

Xesús Alonso Montero

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ALONSO MONTERO, XESÚS (2011 [1999]). “Prólogo á edición facsímile de *Espiñas, follas e froes* (Ramiño primeiro), de 1875 [de Valentín Lamas Carvajal]”. En Valentín Lamas Carvajal, *Espiñas, follas e froes: colección de vergiños gallegos. (Ramiño primeiro)*. Santiago: Dirección Xeral de Promoción Cultural, 3-35. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1424>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ALONSO MONTERO, XESÚS (1999). “Prólogo á edición facsímile de *Espiñas, follas e froes* (Ramiño primeiro), de 1875 [de Valentín Lamas Carvajal]”. En Valentín Lamas Carvajal, *Espiñas, follas e froes: colección de vergiños gallegos. (Ramiño primeiro)*. Santiago: Dirección Xeral de Promoción Cultural, 3-35.

* Edición dispoñíbel desde o 17 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

PRÓLOGO Á EDICIÓN FACSIMILE DE *ESPIÑAS, FOLLAS E FRORES* (RAMIÑO PRIMEIRO), 1875 [DE VALENTÍN LAMAS CARVAJAL]

Xesús Alonso Montero

1. Limiar

Espiñas, follas e frores (Ramiño primeiro) é o título do primeiro volume en galego de don Valentín Lamas Carvajal. Se nos atemos ó ano consignado na portada, a data de edición é a de 1874, pero, se nos atemos ó ano consignado na cuberta, máis real, a data na que se publicou este libríño, en Orense (sic), é a de 1875. Do mesmo ano é o opúsculo *Dez cartas ós gallegos*¹ e a segunda edición deste “Ramiño primeiro” das *Espiñas*². O “Ramiño segundo” de *Espiñas, follas e frores* apareceu en Ourense (sic) no ano 1876³; un ano despois, en 1877, publícanse en Madrid, nun só volume, os dous “ramiños”, edición que os reponsables consideran a terceira⁴. Os datos precedentes falan con elocuencia do éxito desta “colección de versíños gallegos” de Lamas Carvajal, poemario que é o segundo do noso [4] Rexurdimento se admitimos como primeiro *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro.

En realidade, o éxito de *Espiñas* foi superior ó que indican estes datos, se temos en conta o feito de que non poucos dos seus poemas apareceron na prensa deses anos. No caso das composicións do “Ramiño primeiro”, varias foron publicadas con algunha anterioridade no ano 1874 en distintos números da revisa ourensá *El Heraldo Gallego*, fundada e dirixida polo propio Lamas Carvajal.

O que hoxe ofrecemos a bibliófilos, estudiosos e curiosos é a edición facsimile da primeira edición do “Ramiño primeiro”, libro, por se-lo segundo na historia da constitución do discurso poético galego, especialmente significativo. O exemplar tido en conta pertence á biblioteca da Real Academia Galega, institución á que agradecemos-la súa colaboración. O exemplar deste libro está contido nun volume (signatura 20457) que pertenceu á biblioteca de dona Emilia Pardo Bazán, parte da cal é hoxe propiedade da nosa Real Academia⁶. Verbo do exemplar que aquí nos [5] importa, cómpre puntualizar que carece de cuberta. Na biblioteca da Real Academia Galega obra un exemplar do “Ramiño primeiro” de *Espiñas* especialmente valioso por conte-la dedicatoria autógrafa de don Valentín a Rosalía: “Á Rola de Galicia D^a Rosalía de Castro, como recordo d’a admiración que lle ten e do moito que a estima o seu paisao...”. Non facsimilamos este exemplar non só por carecer de cuberta

¹ *Dez cartas escritas pr’os gallegos*, Orense, Imprenta de José M. Ramos, 1875.

² Co mesmo pé de imprenta cás *Cartas*.

³ Ourense, Imprenta d’a Propaganda Gallega, 1876.

⁴ Madrid, Imprenta y Fundación de M. Tello, 1877.

⁵ En realidade, é a terceira edición do “Ramiño primeiro” pero a segunda do “Ramiño segundo”.

⁶ O volume contén, ademais de *Espiñas*, o libro de Juan de Lérez *María o La Virgen del Valle*.

e das dúas páxinas finais senón por outras deficiencias. Donativo de don Juan Naya Pérez, que foi bibliotecario da institución, pertenceu, obviamente, á familia Murguía-Rosalía⁷.

2. Valentín Lamas Carvajal: breve noticia dun profesional case heroico

A súa vida transcorre case sen saír de Ourense, a súa cidade natal, entre o 1 de novembro de 1849 e o 4 de setembro de 1906. Non herdou bens de fortuna e desde moi novo padece unha doenza ocular que o deixa cego (ou case totalmente invidente) pouco des-[6]pois dos vinte anos. Esta é a razón pola que non continúa os estudos de Medicina, carreira que iniciara en Santiago de Compostela, se ben ninguén ten aducido documentación ó respecto⁸.

Desde moi mozo fai literatura. De 1871 son as súas primeiras obras en verso, aínda en castelán, *La monja de San Payo* e *Flores de ayer*, ámbalas dúas publicadas en Santiago, cidade e ano nos que dirixe a revista *La Aurora de Galicia*⁹. Foi o periodismo, en realidade, a súa gran ocupación desde esta data a 1906, e do periodismo viviu, feito insólito na Galicia da época. Xa en [7] Ourense, funda *El Heraldo Gallego*, que dirixe durante os seus sete anos de vida (1874-1880). Neste ano, o deputado liberal Vicente Pérez funda *El Eco de Orense* no que don Valentín colaborará desde o principio e que axiña dirixirá ata a súa morte, momento no que ocupará a dirección o seu fillo Modesto Lamas Sánchez. O *Eco*, cando don Valentín xa é o seu propietario, vai ser un periódico claramente conservador e unha miguiña clerical¹⁰. Atina Blanco-Amor cando afirma: “Nos anos da súa madurez i-hastra a súa morte, Lamas Carvajal figura á cabeza do xornalismo ourensán que hoxe chamaríamos “de dereitas” –aunque co-aquil dereitismo faríamos hoxe moreas d’esquerdistas– ô frente do seu sonado xornal *El Eco de Orense*, onde estrenaron as suas prumas Basilio Álvarez, Antón Rey Soto i-outros ourensáns eminentes”¹¹.

Neses anos, ademais de colaborar noutros periódicos de Ourense e de fóra, protagoniza o acontecer periodístico en galego máis suxestivo e eficaz na historia da prensa escrita na nosa lingua: *O tío Marcos da Portela* (1876-1889), semanario (ou quincenario) que [8] fundou, dirixiu e do que foi, sempre, o redactor principal. Estes “parrafeos co pobo gallego”, postos en boca dun paisano enxebre, o tío Marcos da Portela (que funciona como heterónimo labrego de don Valentín, un “señorito” da vila), chegaron a ser alimento grato “ós nosos aldeáns” (iletrados e analfabetos no idioma do periódico) polo talento de Lamas Carvajal que foi quen de atopar, en galego, o sociolecto vital co que comunicaba, atractivamente, cos seus destinatarios. Nin antes nin despois houbo publicacións periódicas en galego desta capacidade de comunicación¹².

⁷ O volume (signatura 14037) contén, ademais de *Espiñas*, o libro de Manuel Martínez González *Poemas gallegos, seguidos sobre o modo de falar e escribir con propiedade o dialeto* (Pontevedra, 1883).

⁸ Nin José Fernández Gallego (*Valentín Lamas Carvajal. Estudio bio-bibliográfico*, La Coruña, Moret, 1951) nin Xosé María Dobarro Paz (na *Gran Enciclopedia Gallega*) atoparon documentación ó respecto no Arquivo Universitario.

A biografía de Fernández Gallego, non exenta de importantes lagoas, aporta, no seu momento, un número considerable de datos; en canto ó estudos de Dobarro Paz, de feito unha pequena monografía, esas 13 páxinas da *GEG* constitúen unha utilísima síntese biobibliográfica, consulta indispensable desde hai anos para calquera estudioso.

⁹ Parece que ninguén ten visto números deste revista, pero Fernández Gallego (p. 145) reproduce, dunha carta de Lamas a Eduardo Álvarez Pertierra, estas liñas: “... En 1871 se publicaba en Santiago *La Aurora de Galicia*, revista cuya dirección me estaba encomendada” (*El Heraldo Gallego*, 5-7-1876).

¹⁰ Duran, J. A., “Valentín Lamas Carvajal (1849-1906)”, en *Crónicas*, 1, Madrid, Akal, 1974, p. 29-30 e 35-36.

¹¹ Prólogo a Lamas Carvajal, *Antoloxía*, Bós Aires, As Burgas, 1950, p. 19.

¹² Neste Congreso dedico a miña conferencia á análise do *Tío Marcos*, conferencia que recollerán as correspondentes Actas.

Home especialmente dotado para o periodismo nos seus distintos xéneros (desde o artigo editorial ós versos satíricos de actualidade, as famosas “mostacillas”¹³), o periodismo foi o seu *modus vivendi* e o da súa familia, sempre numerosa. Empresario ou non, director ou non, era case imposible na Restauración, cos partidos turnantes, iniciar unha publicación periódica con crite-**[9]**rios independentes e manter, nesa independencia, o periódico. José Antonio Durán, no traballo máis importante sobre Lamas como periodista¹⁴, estudia con acerto os meandros que hai na pluma de don Valentín en función das circunstancias políticas e de quen ten o poder (local e supralocal) en cada momento. Repare o lector, por outra parte, na circunstancia de que don Valentín (cego e cheo de fillos) non ten outro oficio nin outro beneficio que non sexa o do periodismo. Condenado a exercelo, hai momentos, non poucos, en que a situación política mediatiza, nalgunha medida, a súa pluma, pródiga, por outra parte, en páxinas auténticas e gallardas.

Cómpre ter en conta, sen embargo, que Lamas Carvajal nunca foi un revolucionario. Se na dimensión relixiosa foi un católico convicto e confeso, na político-social estivo sempre lonxe de socialismos, anarquismos e outras ideas que cuestionasen os alicerces da sociedade. Foi a súa pluma, aínda nos momentos máis difíciles, a dun rexeneracionista galego. Cunha sensibilidade especial para os problemas dos nosos labregos, deixounos páxinas sobre a aldea galega, en verso e en **[10]** prosa, que son antolóxicas como páxinas de denuncia dos abusos e mesmo dalgúns usos. Foi, en certo modo, o primeiro galego que, exercendo en Galicia, viviu da pluma, da súa pluma bilingüe de periodista e da súa pluma de escritor en lingua galega. Ó referirme ó escritor en idioma galego non só penso no máis rechamante (as moitas edicións do *Catecismo do labrego* entre 1888¹⁵ e 1906) senón en certos libros de poesía, entre eles *Espiñas, follas e frores*, que non é o único dos seus poemarios reeditados varias veces en vida do autor. O éxito de público (non sempre de crítica) supera, con moito, o dos grandes poetas do XIX. Se *Follas novas* (1880), de Rosalía, non se reeditou en vida da autora (houbo que chegar ó ano 1909 para a segunda edición), os *Queixumes dos pinos* (1886), de Pondal, que morre en 1917, reeditáranse moito despois da súa morte¹⁶. Só *Cantares gallegos* (1863), de Rosalía, coñecerá a segunda edición en vida da autora, en 1872. En **[11]** realidade, o único libro de poesía comparable ó éxito de *Espiñas, follas e frores* é *Aires da miña terra*, de Curros Enríquez, editado tres veces entre 1880 e 1886, en non pequena parte debido a unha circunstancia extraliteraria, ó proceso eclesiástico-civil de que foi obxecto recén publicado.

Nunha Galicia tan pouco letrada e tan pouco ilustrada, como foi a Galicia do tempo de Lamas Carvajal, vivir da pluma era empresa case heroica. Nesa Galicia, unha parte non desdeñable das páxinas de don Valentín son páxinas en lingua galega. Así pois, Lamas Carvajal tamén foi pioneiro como profesional da escrita en galego. Nun tempo político tan difícil para os que vivían de expoñer ou adornar ideas, a decisión de Lamas, tomada sendo mozo, de dedicarse ó exercicio periodístico e literario, é unha decisión case heroica. Pasou –sabémolo ben– por momentos de amargura, pero continuou escribindo e vivindo das súas páxinas, en non poucas ocasións facendo virtude da necesidade. Nos derradeiros

¹³ En tres volumes, dous de 1897 e un de 1898, recolleu unha boa parte desa sección de *El Eco de Orense*, co título *Mostacilla. Versos humorísticos*.

¹⁴ Art. cit. na n. 10.

¹⁵ Data da primeira edición en volume do *Catecismo*. Consúltase o exemplar obrante na biblioteca da Real Academia Galega no que se consigna o ano 1888. Sáibase, de tódolos xeitos, que este *Catecismo* publicouno Lamas, por entregas, no *Tío Marcos*, nas últimas semanas de 1888.

¹⁶ ¡En 1935! (*Queixumes dos pinos y Poesías inéditas*, Real Academia Galega).

días, xa coa enfermidade da morte, angustiábo a situación económica na que ían quedalos seus. Don Miguel de Unamuno que o visitou no seu fogar no ano 1903, deixounos este apunte triste: “Encontré un hombre envejecido, roto, casi ciego en un lóbrego despacho. Me acogió, al declarar quién yo era, [12] emocionado. Sentí todo el heroísmo y desolación del oficio de escritor en nuestra España”¹⁷.

A observación de Unamuno sobre a vista de don Valentín (“casi ciego”) non é, nesa altura, correcta. Había moitos anos que era invidente, circunstancia que convén ter moi en conta para valoralo esforzo desde forzado da pluma. De feito, case desde o inicio das súas actividades literarias, contou con amanuenses e con persoas que, dun xeito ou doutro, realizaban a materialidade da escritura, fundamentalmente dona Amalia Rosina Sánchez Gómez, coa que casou en Ourense o 4 de xaneiro de 1874¹⁸. Nesta axuda cómpre salientar dous fillos do escritor, Modesto e Valentina, ademais dalgúns amigos, entre eles Camilo Placer Bouzo.

Así pois, desde moi cedo, Lamas Carvajal escribe no esquema da oralidade, especialmente dificultoso cando a lingua empregada está, como lingua escrita, no esta-[13]dio asilvestrado que naqueles primeiros anos do Rexurdimento caracterizaba ó galego literario.

3. Significado de *Espiñas, follas e froes* (Ramiño primeiro) na diacronía do discurso poético galego

Cantares gallegos, de Rosalía de Castro, libro de 1863, é a primeira pedra esencial do edificio da nosa poesía. Esta é a opinión de case tódolos estudiosos da nosa literatura. Son moitas as páxinas dos nosos críticos e eruditos que se refiren a *Cantares gallegos* como libro inaugural, como libro fundacional. Eu mesmo teño prodigado esta adxectivación, se ben sempre entendín que todos subestimamos un pouco *A gaita gallega*, de Xoán Manuel Pintos, anterior, en dez anos, ó primeiro libro de Rosalía. Sendo certo que o libro de Pintos está moi lonxe da elevación poética do de Rosalía, tamén é certo que o libro de 1853 é máis reivindicativo, explicitamente, có de 1863. E non só Pintos reivindica a lingua senón que reivindica outras realidades de Galicia, razón pola cal titula o volume *A gaita gallega tocada polo gaiteiro, ou sea Carta de Cristus para ir dependendo a ler, escribir e falar ben a lingua gallega, e aínda máis*. Este “aínda máis” aclara, desde o título, que o libro, ademais de ser un manual de patriotismo lingüístico, contén páxinas comprometidas con outros aspectos da [14] realidade de Galicia. Tense dito que o libro de Pintos non está enteiraamente en galego, pero cómpre aclarar que non se trata dun libro bilingüe ó uso, en efecto, cando Pedro Lucés, o tamborileiro, fala en castelán (el non é galego), faino como aprendiz de lingua (e doutras asignaturas patrias) do gaiteiro, do gaiteiro que é a esencia, non só musical, de Galicia. Repárese no feito, fundamental, de que nun libro de 1853 nunca aparece, como autor, Pintos, obstinado, desde a sombra, en facer ver ós lectores que quen escribe é o Gaiteiro, en realidade o heterónimo nacional-popular dun señor pontevedrés que foi gran xurista e moi versado en latín.

É certo, tamén, que na *Gaita gallega* figura, ademais das páxinas en castelán, un poema moi longo en latín, o “Carmen patrium sive Pontevedra”, do P. Hermenegildo Amoedo

¹⁷ Palabras que reproduce R. Otero Pedrayo no seu artigo “Don Miguel de Unamuno en Orense”, *Faro de Vigo*, 4-10-1964.

¹⁸ Morreu, case centenaria, en 1940. Moi comprometida coa memoria do seu home, foi ela peza fundamental na edición dos distintos volumes das *Obras completas* publicadas despois de 1906.

Carballo¹⁹. Pero, unha vez máis, estas páxinas non galegas apórtanse *ad maiorem gloriam* do idioma galego. Efectivamente, páxinas despois, a “foliada sexta” ofrécenos en galego a “traducción libre” deste canto pontevedrés, o primeiro texto latino traducido á nosa lingua, outra gloria de Pintos, ou sexa, do Gaiteiro.

[15] Chegou a hora, creo, de outorgarlle á *Gaita gallega*, ese libro heterónimo de 1853, a importancia que merece como libro, ó seu modo, auroral ou fundacional. Sabemos ben que este mérito reclámao, con máis altos argumentos, *Cantares gallegos*, libro de extraordinaria valía poética e libro, á súa maneira, de combate se lemos con atención o prólogo, ese prólogo cheo de claves de lectura: “as nosas poéticas costumes inda conservan certa frescura patriarcal e primitiva”; libro de quen “s’esforça por desvanecer os erros que manchan e ofenden inxustamente a súa patria é acreedore a algunha indulxencia”. Xa na dedicatoria, a Fernán Caballero (a única páxina de Rosalía en castelán), adiántanos outra clave: “... por haberse apartado algún tanto ... de las vulgares preocupaciones con que se pretende manchar mi país”.

A propia Rosalía, tan parca en atribuírse méritos, reconece en 1880, no prólogo do seu segundo libro en galego, *Follas novas*, a condición “fundacional” de *Cantares gallegos*: “Un libro de trescentas páxinas, escrito no doce dialecto do país, era naquel estonces cousa nova e pasaba polo mesmo todo atrevemento. Aceptárono, i o que é máis, aceptárono contextos, e i-eu comprendín que desde ese momento quedaba obrigada a que non fose o primeiro i o último. N’era cousa [16] de chamar as xentes á guerra e desertar da bandeira que eu mesma había levantado”²⁰.

Imos, pois, aborda-la xénese do discurso poético galego desde 1863, desde *Cantares gallegos*. Pois ben, pese a que a propia Rosalía chamou, con el, “á guerra”, a “bandeira” tardou nen ser acollida e asumida –en grande– bastantes anos. Sabido é –ou debería saberse– que non se publicou ningún libro de poemas en lingua galega ata doce anos despois (1875) e que o libro publicado nese ano –o segundo, realmente, na constitución do noso discurso poético– non é da autoría de Eduardo Pondal (nado en 1835, antes ca Rosalía), nin de Curros Enríquez (con 24 anos nesa data), nin...: o libro, *Espiñas, follas e frores* (Ramiño primeiro), é de Valentín Lamas Carvajal. Foi el, pois, quen recolleu, das mans de Rosalía, o facho, con menos talento lite-[17]rio pero cun compromiso que vai exercer durante a súa vida. Foi Lamas, non ningún outro poeta, o primeiro en decatarse de que a tarefa iniciada por Rosalía tiña futuro. De feito, os poetas máis vellos ca el, autores de composicións soltas, non editan un libro de poemas antes de 1875. Lembre o lector os nomes, algúns de non pequena importancia: Francisco Añón (1812-1878), Xosé María Posada (1817-1886), Xosé María García Mosquera (1817-1868), Alberto Camiño (1820-1861), Marcial Valladares (1821-1903), Francisco María de la Iglesia (1827-1897), Xosé Pérez Ballesteros (1833-1918), Juan Antonio Saco y Arce (1835-1881)...

Vai ser Lamas Carvajal –teimo– quen acuda ó chamamento de Rosalía de Castro, quen se propoña continua-la aventura poética iniciada por Rosalía, cun libro, *Espiñas*, moi pró-

¹⁹ O poema publicouno o seu autor xesuíta expulso, en Bolonia no ano 1787. Así pois, o Gaiteiro (Pintos) o que fai é reproducilo.

²⁰ Outra cousa é que, liñas adiante, faga esta “profecía”: “Alá van, pois, as *Follas novas*, que mellor se dirían vellas, porque o son, e últimas, porque pagada xa a deuda en que me parecía estar coa miña terra, difícil é que volva a escribir máis versos na lingua materna”. Sabido é que un ano despois, en carta ó seu home, Manuel Murguía, declara que non volvería “a escribir en dialecto” (26-7-1881) (v. Alonso Montero, Xesús, *Rosalía de Castro*, Madrid, Júcar, 1972, p. 90-97, e Álvarez Ruiz de Ojeda, Victoria, “Sobre a demisión de Rosalía: unha carta inédita de Manuel Murguía”, *Grial*, 131, 1996, p. 389-394).

ximo, en non poucas páxinas, a *Cantares gallegos* pero no que existen textos que enriquecen o universo temático do libro fundacional. Ímolo ver axiña.

Erran –creo– os autores de estudos literarios que, ó estudiaren a historia da poesía galega do XIX, atéñense, como Carballo Calero, a esta ordenación: Rosalía de Castro (1837-1885), Eduardo Pondal (1835-1917) e [18] Manuel Curros Enríquez (1851-1908). Non se respecta nin a data de nacemento (que podería ser irrelevante) e non se ateen ó que verdadeiramente conta, a cronoloxía da obra literaria, moi especialmente a dos libros. Debería ser esta:

- 1861: Rosalía, *Cantares gallegos*
- 1876-1880: (títulos de Lamas Carvajal)
- 1880: Rosalía, *Follas novas*
 - Curros, *Aires da miña terra*
 - Lamas, *Saudades gallegas*
- 1886: Pondal, *Queixumes dos pinos*

Se do que se trata é de estudia-la diacronía do discurso poético galego, a orde lóxica sería: Rosalía-Lamas-Curros-Pondal. A favor de Lamas temos, non só o “Ramiño primeiro” de *Espiñas, follas e froes*. En realidade, Lamas Carvajal ofrece antes do *annus mirabilis* (1880) estas obras poéticas en idioma galego

- 1875. *Espiñas, follas e froes* (Ramiño primeiro)
 - Dez cartas escritas prós gallegos*
 - Espiñas, follas e froes* (Ramiño primeiro), 2ª ed.
- 1876. *Espiñas, follas e froes* (Ramiño segundo)
- 1877. *Espiñas, follas e froes*, 3ª ed.²¹

[19] Sen contarmos poemas soltos de Lamas que aparecen, neses anos, na prensa, abonda cos títulos e as edicións que aquí se mencionan para concluírmos que Lamas non só recolle o facho de Rosalía senón que o fai con éxito. Con tanto éxito que o *annus mirabilis* é, quizais, en parte, unha consecuencia da obra poética de Lamas. De ser así, Rosalía, a estimuladora de Lamas, cando decide publicar *Follas novas* en 1880, faino nun clima de interese pola poesía galega en gran parte creado por Lamas Carvajal.

¿Sen a presenza, tan intensa, dos versos galegos de don Valentín, atreveríase Modesto Fernández González, en novembro de 1876, a convocar un certame literario unilingüe para premiar senllos poemas sobre un costume, unha tradición e un tipo popular? Un certame –todo hai que dicilo– que parece ideado para as características e virtudes poéticas de Lamas Carvajal, amigo e protexido deste mecenas. Lamas, por certo, concorreu e non foi premiado, porque irrompe no eido da nosa literatura un poeta daquela descoñecido e residente en Madrid chamado Manuel Curros Enríquez. O xurado tivo que renderse ó talento, ó encanto e á pericia lingüística e métrica do autor da *Virxe do Cristal*, obra mestra, dentro e fóra das nosas Letras, da poesía narrativa.

Voltándonos a Lamas, hai que engadir que a súa pluma non só protagoniza con xenerosidade, con éxito e con eficacia o segundo capítulo da historia da constitución do noso

²¹ Para saber con precisión qué poemas figuran nunha ou noutra edición das *Espiñas* (e doutros libros), consúltese a ed. da *Poesía galega* de Lamas Carvajal preparada por María Pilar García Negro (Edicións do Castro, 1998). Hoxe por hoxe, este volume é o corpus máis completo de poesía do noso autor.

discurso poético senón que, nesas datas, descobre as posibilidades do idioma galego para un determinado tipo de periodismo, o que cultivou, desde 1876, sempre con grandes acertos literarios, no *Tío Marcos da Portela*. Así pois, a Valentín Lamas Carvajal, péñese o que se pense sobre as virtudes estéticas da súa poesía, hai que situalo axeitadamente na diacronía do noso discurso poético, ou sexa, poñelo no seu sitio e o seu sitio non está despois de Curros e Pondal (por esta orde) senón despois de Rosalía, só de Rosalía, e antes de Curros, de Pondal e de tódolos demais. É lástima que os especialistas de hoxe non fagan o que xa intuía o pioneiro dos nosos estudos literarios, don Eugenio Carré Aldao, nun manual que cómpre visitar de vez en cando²².

[21] 4. *Espiñas, follas e frores* (Ramiño primeiro), 1875: caracterización

“eu cantarei as grorias e costumes/dos nobres fillos desta santa terra”

O poeta defínese nos versos 25 e 26 do seu poema prologal, a “Introducción”. O mesmo vai facer, cinco anos despois, nun poema da mesma condición e título, Curros Enríquez:

No teu nome [o da lingua galega]
ofercerei paz e salú ós enfermos,
falareilles da patria ós desterrados,
de libertade e redención ós servos.

Era un tempo en que os poetas, sobre todo os de musa civil, facían declaracións de principios.

Máis belixerantes os principios (e os versos) de Curros, nesta ocasión, o que importa aquí é averiguar se Lamas Carvajal, nos 28 restantes poemas deste “Ramiño primeiro”, é consecuente coa declaración adiantada neste poema prologal.

[22] Pertencen ó primeiro capítulo (“... as grorias... dos nobres fillos...”), claramente, sete composicións: “No simenteiro d’Ourense. Un recordo ó inxenioso e inspirado poeta gallego don Xosé García Mosqueira”, “Ó nacemento do Padre Feixoo”, “Recordo e queixa. Ó distinguido e coitado escritor amante de Galicia don Fernando F. Fulgosio”, “Á Rola de Galicia Rosalía de Castro de Murguía”, “María Pita”, “Pedro Pardo de Cela” e “De riola por Galicia” (versos nos que se exaltan, ademais doutras realidades, a Méndez Núñez, Aurelio Aguirre...). Pertencen ó segundo capítulo: “O fiadeiro”, “A gaita gallega”, “Alborada” e “O día da festa”. Nalgunha outra composición, como na titulada “Ó meu fillo”, hai tamén elementos propios deste costumismo.

Por conseguinte, algo máis da metade das páxinas do volume non cantan “grorias” nin “costumes”. Cómpre saber, sen embargo, que no poema introductorio Lamas Carvajal non só convoca ós lectores destes dous tipos de páxinas (“vinde [...] / os que sintides inframar o peito/cos recordos de grorias e grandezas”) senón a outras persoas:

²² *Literatura gallega*, Barcelona, Maucci, 1911, p. 59-62. Titúlase o correspondente capítulo “Los continuadores de Rosalía. Lamas Carvajal. Losada. Barcia Caballero. Saco Arce”. Veñen despois Pondal e Curros (nesta orde). Xa figura, do mesmo xeito, na primeira edición deste libro (*La literatura gallega del siglo XIX*, Coruña, Librería regional de Carré, 1903, p. 51-53).

vinde tamén as que de amor morredes,
dolces, sensibres e garridas nenas,
eu cantarei tamén vosos amores.

[23] Hai, pois, outras musas no libro co que Lamas se estreou como poeta en galego, unha delas a amorosa no sentido amplo: “Desconsolo de nai”, “O cruceiro de pedra”... E mesmo hai poemas non indicados nesta declaración de Lamas dos que interesan, especialmente, os que conteñen referencias autobiográficas. Son claras, por exemplo, en “Queixas”:

Sai o sol e sai a lúa
[...]
solo eu, coitado, non vexo
tanta gloria e maxestad,
Ou en “Un curazón dorido”:
¡Sin lus, sin gloria, sin amigos tenros,
por istas terra camiñando vou...!
Son estes verso e outros semellantes as “espiñas” do libro.

Nalgúns poemas autobiográficos non aparece a circunstancia da súa cegueira como no titulado “A miña aldea”, referida a San Pedro de Moreiras, moi preto de Ourense, na que o neno Valentín Lamas pasou tempadas felices. Entre as “froles” deste poemario, a páxina máis leda é a titulada “Ó meu fillo”, escrita pouco despois do nacemento de Oliverio Lamas, o seu primoxénito. Morrerá, ós dous anos de idade, en 1875, acontecemento que suscita, no “Ramiño segundo”, a elegía “As frores do sementerio”. A Oliverio, “Ó meu filliño”, dedícalle o “Ramiño primeiro” [24] nestes termos: “Dedícoche istas páxinas. ¡Ogallá que cando chegues a ser home elas esperten no teu curazón o sentimento d’amor a nosa esquecida terra”. No “Prólogo”, don Valentín, que manifesta estar ó servicio do “brando e meloso linguaxe dos nosos abóos”, recoñece que os seus versos sendo pobres, teñen o mérito de “perfume d’amor patrio que respiran”. Como en *Cantares gallegos* de Rosalía, o texto da dedicatoria e do prólogo enuncian e adiantan os compromisos do autor, moi semellantes en ámbolos dous. No caso de Lamas Carvajal, compromiso coa lingua, defensa da terra “esquecida” e marxina e reivindicación dos valores patrios. Estas van se-las grandes preocupacións nos libros seguintes: no “Ramiño segundo” (1876), en *Saudades gallegas* (1880) e na *Musa das aldeas* (1890).

Lamas Carvajal xa estaba, nalgunha medida, nestas coordenadas cando escribe en castelán o seu primeiro poemario, *Flores de ayer* (Santiago, 1871). Trátase, no fundamental, de páxinas sentimentais, románticas (dun romanticismo serodio), no que, sen embargo, fai afirmacións deste tipo:

... juré
verter mi sangre solo por Galicia,
por mi patria adorada
tan noble y bella como desgraciada.

[25] Volvéndomos ó “Ramiño primeiro”, debemos sinalar que, aquí e alí, Lamas láia-se (e denuncia) a emigración e a guerra, que tantas vidas de mozos novos cobraba daquela. Son temas que aparecerán sempre, en maior ou menor medida, neste poeta do *rus* galaico, deste poeta sempre fiel á súa musa rural, á “musa das aldeas”. Musa rural, sen embargo, que no libro de 1875 non enuncia aínda a precaria condición ou a ínfima situación das

xentes do noso campo. Os “labregos” –que son, en realidade, os campesiños de vivir máis abafado– aparecerán algo despois nos seus versos e nas súas prosas. “A aldea”, de 1890, finaliza con estes catro versos:

¡Ai míseros, pobres, coitados labregos
que están nas aldeas rabeando de bos...,
escravos que levan o nome de libres,
que viven no inferno rezándolle a Dios!

O soneto patriótico de Lamas

No “Ramiño primeiro” figuran dous sonetos (“María Pita”, “Pedro Pardo de Cela”), e no “Segundo ramiño”, catro (“Méndez Núñez”, “Deus fratesque Gallaicae”, “En Casdemiro. A Feixoo” e “As aureanas do Sil”). Todos, agás o último, son de contido claramente patriótico, como son de contido patriótico os dous únicos sonetos [26] que Xoán Manuel Pintos publica na *Gaita gallega* (1853), un, moi citado, que comeza: “Ou Galicia, boi de palla”. Por conseguinte, o soneto, ese tipo de composición que naceu en Italia ó servizo do amor e que foi cultivado por grandes poetas amorosos (desde Garcilaso a Camões), vai estar, nestes anos do Rexurdimento, ó servizo da patria e da reivindicación patriótica²³. Hai que supoñer, por outra parte, que don Valentín só coñecía, da cativa sonetística galega anterior, os dous sonetos de Xoán Manuel Pintos²⁴.

Como poeta en galego, foi Lamas o primeiro en trata-la figura de Pedro Pardo de Cela, nobre decapitado en Mondoñedo o 17 de decembro de 1487 por orde dos Reis Católicos. Para Lamas, que segue –máis ou menos– as discutibles páxinas do historiador Benito Vicetto, Pardo de Cela é un mártir das liberdades de Galicia: “xenio leal da independencia nosa” chega a [27] proclamar. Pero o soneto non só magnifica a figura de Pardo de Cela senón que lle vale ó poeta para manifestar unha actitude independentista, insólita na poesía deses anos:

unque a cova escarnezan, a xusticia
ha de facer que rezusiten dela
a INDEPENDENZA e groria de Galicia.

Anos despois, tamén en galego, publica o soneto “A Pardo de Cela” Florencio Vaamonde Lores, un dos grandes sonetistas do XIX galego (con frecuencia sonetista de temas patrióticos). A concepción do personaxe é moi semellante, como semellante é o pronunciamento final:

Rexurdirás, con todo, na braveza,
por medio das indómitas espadas
que á patria lle devolvan a grandeza²⁵

²³ É de xustiza sinalar unha interesante excepción: o soneto de Francisco Añón (1812-1878) “Amor apresurado”.

²⁴ Nada sabía, moi probablemente, dos sonetos das *Exequias* de 1612 (P. Bázquez de Neyra e Juan Gómez Tonel) nin dos escasos posteriores (Diego Antonio Cernadas de Castro, José Cornide...). Quizais non coñecía o *Álbum de la Caridad* (1862) no que figuran uns cantos sonetos, algún patriótico, como “A Galicia” de José López de la Vega.

²⁵ *A Nosa Terra*, 15-12-1916.

Foi o de Lamas, sen dúbida, o primeiro poema en lingua galega sobre a figura de Pardo de Cela nos tempos modernos. En castelán, hai algunhas composicións algo anteriores.

A idea da “independenza” de Galicia aparece noutros sonetos de *Espiñas*, nalgún de xeito moi forzado. María Pita, a heroína coruñesa que loitou “valente e [28] xenerosa... co inglés”, díctalle á musa de Lamas Carvajal este texto:

Sepian cantos nos ven con indifrenza
que tamén hai mulleres en Galicia
que loitan pola nosa INDEPENDENZA.

Lamas, como tantos e tantos poetas, é vítima da súa propia retórica.

Presencia de Rosalía de Castro

Case é imposible, nun discurso poético como o galego destes anos, subtraerse ó encanto, ós temas e ós modos de *Cantares gallegos* (1863). Doce anos despois, Lamas Carvajal, cando fai versos costumistas (un dos eixos da súa poética), mírase no espello dos *Cantares*, expresión suprema deste tipo de poesía. Non podía ser doutro modo. En efecto, os poetas costumistas do XIX, todos, en maior ou menor medida, están en débeda co libro de Rosalía de Castro ou téñeno como estímulo, desafío do que ninguén saíu vencedor.

Cómpre insistir neste aspecto porque Murguía, o esposo de Rosalía, publicou en 1878 unha reseña de *Espiñas* onde, despois de descualificar a Lamas como poeta (en termos case de aldraxe), expón: “Mas en donde nuestro autor mostró su perfecta competencia [29] para todo género de imitaciones es en aquella de sus poesías que con toda evidencia se han escrito después de leídos los *Cantares gallegos* de doña Rosalía Castro, pues se ha entrado por ellos tan resueltamente [...] que puede decirse que sin los *Cantares* no se hubieran escrito los *Ramiños*”. Un pouco máis adiante, puntualiza: “Y no es en esta sola [“Os aires da miña terra”], es en la mayoría de las composiciones del señor Carvajal, en las que se recuerda a cada momento, tomados de dicha escritora, frases, giros, pinturas, descripciones y sentimientos expresados por eso mismo con algunha más facilidad y fortuna que lo que acostumbra cuando escribe por su propia cuenta”²⁶.

Non é posible desvencella-los poemas costumistas de Lamas dos de Rosalía, pero –cremos– esaxera Murguía cando advirte en *Espiñas* presencias rosalianas tan intensas e tan precisas (“frases, giros...”). O lector que se debruce sobre un e outro libros, axiña advirte a similitude, nesos poemas, de xénero e actitude, ó mesmo tempo que bota de menos, nos de Lamas, o voo lírico, a condición literaria dos de Rosalía, por máis que Murguía subliñe que son estes versos de Lamas, conta-[30]xiados dos de Rosalía, as súas páxinas menos ruíns.

Este episodio proba, unha vez máis, o vidroso que era Murguía cando de Rosalía e da súa obra se trataba. Non sabemos por qué “razóns” ataca tan arbitrariamente a Lamas, un Lamas que sentiu sempre admiración e devoción pola poesía de Rosalía de Castro. No libro difamado, no “Ramiño primeiro”, figura un canto a Rosalía, o primeiro en galego, que debería ser suficiente para que Murguía fose menos inxusto ó reseña-las *Espiñas*. Para Lamas, Rosalía é “a rola de Galicia”, caracterización que xa consigna o título do poema²⁷.

²⁶ *La Ilustración de Galicia y Asturias* (Madrid), 6, 15-9-1878 (reprod. no traballo cit. de J. A. Durán, p. 99 e 100).

²⁷ Lembre o lector o dito antes sobre a dedicatoria que Lamas consigna nun exemplar do “Ramiño primeiro”: “Á Rola de Galicia...”.

Xa nos versos será “rousinol da miña patria”, “pombiña con pico d’ouro”, “xenio espren-
dente de gloria”... Finaliza o poema cuns versos que teñen intrigado ós eruditos

Deberán poñerche logo
na túa fronte dúas coroas,
que xa llas dech´a Galicia,
e son, docísimas rola,
unha, os *Cantares gallegos*,
e outra, as últimas *Follas*.

De feito, no momento en que Lamas Carvajal escribiu [31], o ano 1875, Rosalía só pu-
blicara *Cantares gallegos* (en dúas edicións: 1863, 1872), pero tardaría cinco anos en pu-
blicar *Follas novas*. O que acontece é que nalgúns lugares xa se anunciaba, como de
próxima aparición, o libro *Follas novas*, concretamente en *El Heraldo gallego*, que o pro-
pio Lamas dirixía²⁸.

Lamas, por certo, sempre tivo abertas as páxinas dos seus periódicos ó nome e ós versos
de Rosalía, e vai ser no *Tío Marcos* onde se publique, co gallo do pasamento da escritora,
a mellor e máis conmovedora homenaxe: sete páxinas das oito que corresponden ó parrafeo
88 (26-7-1885) conteñen textos de Rosalía ou sobre ela, entre eles o poema citado do pro-
pio Lamas Carvajal. Na primeira páxina deste número figura a esquela de Rosalía de Cas-
tro, que é a primeira esquela en galego de que temos noticia.

5. A poesía de Lamas Carvajal onte e hoxe

No ano 1972 a Real Academia Galega dedicou o Día das Letras Galegas a Valentín
Lamas Carvajal, Día que non suscitou investigacións literarias dignas de tal [32] nome. É
de xustiza sinalar un ensaio moi breve de Carlos Casares titulado “Apuntes pra un estudio
da poética de Lamas Carvajal”²⁹, apuntes nos que lle nega a Lamas, como poeta, o pan e
case o sal. Está, pois, Casares un tanto lonxe das páxinas, benévolas sen dúbida, de Emilia
Pardo Bazán (1888)³⁰ e Eduardo Blanco-Amor (1950), entre algúns outros.

Se dona Emilia lle chama “poeta-hembra” e, considerándoo menos correcto ca Curros,
faino “más dulce y conmovedor”³¹, Casares entende os versos de Lamas como o caso
dunha escrita totalmente allea ós rasgos que fan dun idioma unha lingua literaria.

Noutro momento deste estudio, comparando a poesía costumista de Lamas coa de Ro-
salía, mestra impar do xénero, sinalaba que nos poemas de don Valentín non hai o voo lí-
rico da Cantora. Nin sequera en pequena medida, apostilo agora. De Rosalía e Curros
todos recordamos versos, non poucos, que valen e pesan [33] como “escritura” (non pola
súa moral ou ideoloxía); tamén de Pondal e dalgún outro do XIX (sobre todo de Florencio
Vaamonde Lores). De Lamas Carvajal só os lectores moi entusiastas, se é que os hai, lem-
bran e citan versos soltos ou estrofas. A musa de Lamas, certamente, arrastraba as ás.

Pero o poeta Lamas foi poeta de éxito, poeta de moitos lectores, éxito non sempre con-
seguido por poetas galegos de máis estro. Parece claro que unha parte dos seus lectores,

²⁸ “La inspirada poetisa gallega doña Rosalía Castro de Murguía va a publicar muy en breve un tomo de poesía intituladas *Follas novas...*” (29-1-1874).

²⁹ *Grial*, 38, 1972, p. 469-474.

³⁰ “El olor de la tierra (Valentín Lamas Carvajal)”, en *De mi tierra* (1888), Vigo, Xerais, 1984, p. 51-65.

³¹ “La poesía regional gallega” (1885), *ib.*, p. 36.

xa en 1875, foron as clases populares do campo, sensibles, naturalmente, a quen tivo como musa fundamental a “musa das aldeas”³². O caso de Lamas é o dun poeta de moi escasa dimensión poética que acollen ben aqueles lectores porque perciben que Lamas, moralmente, escribe con autenticidade, e tamén reciben sen reservas estes textos en verso porque están construídos con materiais antropolóxicos e sociolóxicos que pertencen, de cheo, ó esquema vital deles. As xentes do campo hoxe, xa distintas, recoñeceríanse [34] menos, moito menos, nos versos de don Valentín.

O 17 de maio de 1972, Día das Letras Galegas dedicado a Lamas Carvajal, a obra súa que tiña demanda e suscitaba entusiasmo entre certos lectores (na súa maioría, creo, urbanos), era o *Catecismo do labrego*. Hai un dato comercial que confirma isto; entre novembro de 1967 e febreiro de 1972 a Colección O Moucho³³ publicou nove edicións desta cartilla labrega, moi ben acollida, ó final do franquismo, en sectores progresistas da sociedade galega. De tódolos xeitos, hai que dicir que da cartilla non só interesaba o que tiña de solidario coa sufrida humanidade labrega senón tamén a feitura, o talento e a eficacia verbal do texto. Agora, 1999, haberá que examinar con atención as razóns e os recursos empregados por don Valentín –polo seu heterónimo Marcos da Portela– naquel semanario de tanto éxito entre 1876 e 1889.

O poeta, certamente, interesa moito menos, e todo fai supoñer que as novas reedicións non van atopar lectores entre a xente do común. Vai ser a partir de agora [35] un poeta para profesores, eruditos, historiadores da literatura e toda sorte de letraferidos: para unha minoría técnica, para esa minoría que se achegará ás páxinas en verso de don Valentín co propósito de entender cómo era o discurso poético galego nos seus inicios, no seu período constituínte. Neste período ten unha especial significación o “Ramiño primeiro” de *Espiñas, follas e froes*, de 1875, razón pola cal ofrecemos hoxe, a eruditos e letraferidos, a súa edición facsímile.

³² Téñase en conta que don Valentín foi un eficaz propagandista dos seus libros de versos, reiteradamente anunciados nos seus periódicos. Polos avisos do *Tío Marcos da Portela* sabemos que as *Espiñas* (e outros títulos) chegaban a certos subscritores do semanario, algúns, sen dúbida, campesiños.

³³ De Edicións Castrelos (Vigo), que dirixía Xosé María Álvarez Blázquez. Co *Catecismo* inaugurou a popular colección.